



Expediente núm.: 1062/2020.

Asunto: Subvencións os obradoiros duais de emprego da C. A. De Galicia ano 2020 “OE Redondela Máis que bela”.

**ANUNCIO DE PUBLICACIÓN DA DATA, HORA E LUGAR DE CELEBRACIÓN E DE CRITERIOS XERAIS DE VALORACIÓN DE REALIZACIÓN DA FASE DE OPOSICIÓN PARA A SELECCIÓN DE DOCENTES DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “REDONDELA MÁIS QUE BELA”.**

En reunión virtual celebrada ás 13:00 horas do día 21 de decembro de 2020 reúnense as persoas convocadas por Resolución da Alcaldía núm. 2020-3161 de data 21 de decembro de 2020 que compoñen o Tribunal cualificador no proceso selectivo para docentes do Obradoiro dual de emprego “Redondela máis que bela”

En aplicación do establecido na Base Sétima das que regulan o proceso selectivo, o Tribunal decide:

- 1.- Que a proba práctica sobre as funcións do posto tratarase dun exercicio práctico, de carácter escrito. As persoas aspirantes terán para a realización da proba, un máximo de trinta minutos.
- 2.- Que a proba terá lugar o mércores 23 de decembro de 2020 ás 12:00 horas no Centro de Formación Municipal “A Marisma” sito no Paseo de Pexegueiro, 6, quedando os membros do tribunal convocados ás 11:00 horas da mesma data para a elaboración da proba.
- 3.- Que non se poderá acudir á mesma con ningún tipo de material (folios, textos legais, apuntamentos, etc.), nin con dispositivos electrónicos (móviles, tablets, ou similares, etc).





4.- Que deberase ir provista/o de DNI, máscaras e bolígrafos.

5.- Que os criterios de valoración serán os seguintes:

a).- Aptitudes e destrezas profesionais e capacidades da persoa candidata para a adecuación ao posto: 5 puntos.

b).- Precisión e síntese na exposición escrita: 5 puntos.

c).- Calidade e limpeza de expresión escrita e ortográfica: 5 puntos.

**Documento asinado e datado electronicamente**

